



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA.

RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador, o día 9 de setembro de 2020, para proceder á súa cualificación aplicando os criterios de cualificación establecidos na base 5ª, apartado a), das bases específicas do proceso selectivo, as persoas aspirantes aprobadas obtiveron as seguintes cualificacións:

APELIDOS E NOME	NOTAS
Castiñeira Fernández, Manuel Carlos	10,00
Collazo López, Marta Elisa	17,33
Diz Martínez, Beatriz Norma	13,33

A aspirante admitida ao proceso selectivo e non incluídos na anterior relación ou non se presentou ou non superou o exercicio, de conformidade co disposto na base 5ª das bases específicas do proceso.

O Tribunal acordou establecer un prazo de dous días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, para poder presentar alegacións.

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os/as aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

Os aspirantes que non presenten as alegacións a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra ou directamente no rexistro xeral do Concello deberán achegalas, tamén, por fax (886212843) no mesmo día da súa presentación para non interferir nos prazos de realización da seguinte proba.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, se publique na Sede electrónica do Concello de Pontevedra a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados, convocando as persoas candidatas que o superaron para a realización do segundo exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio, no prazo máximo de dúas horas, consistente na redacción dun suposto práctico no que se poderán incluír unha ou máis preguntas de carácter procedemental e administrativo, relativo as tarefas propias da subescala, o luns día 14 de setembro de 2020, ás 12:00 horas no seminario 3 do Pazo da Cultura, na rúa Alexandre Bóveda, s/n.r.

A Secretaria do Tribunal na data da sinatura electrónica

